



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA



XORNADA

H2020

Axudas para o fomento da
participación galega no
Programa Marco da Unión Europea

Venres, 13 de Setembro

GAIN - Axencia Galega de innovación

Rúa de Airas Nunes, s/n, Edificio CNTG

15702 Santiago de Compostela

Nesta xornada presentarse a nova convocatoria da Axencia Galega de Innovación, “**Axudas para o fomento da participación galega no Programa Marco de Investigación e Innovación da Unión Europea**”, que ten como obxectivos:

- a) acadar un aumento do retorno das entidades galegas a través do apoio á preparación de propostas de calidade
- b) ofrecer ás pemes galegas un mecanismo coordinado de rescate das súas propostas ao Instrumento PEME con selo de excelencia, ou que poderían acadalo atendendo á nota de avaliación obtida.

Neste esquema de apoio inclúense varias liñas de apoio:

Liña 1: Apoio a PEMEs e organismos de investigación e difusión (públicos e privados) na preparación de propostas de calidade ao Programa Marco.

Liñas 2.1 e 2.2: Financiamento de PEMEs do desenvolvemento dunha proposta individual presentada á Fase 1 (liña 2.1) ou a Fase 2 (liña 2.2) do Instrumento PEME.

Estas axudas serán cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do **Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020**.

OBXECTIVOS DA XORNADA

- **Coñecer os resultados acadados** polas entidades galegas no Programa Horizon 2020.
- **Escoitar a experiencia práctica de entidades galegas** en diferentes prioridades e tipoloxías de proxecto do Programa Marco
- **Difusión da convocatoria da Axencia Galega de Innovación** para o fomento da participación galega no Programa Marco.

AXUDAS PARA O FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA
NO PROGRAMA MARCO DA UNIÓN EUROPEA

PROGRAMA

H2020

Axudas para o fomento da
participación galega no
Programa Marco da Unión Europea



10:30 - 10:45

BENVIDA E PRESENTACIÓN:
GALICIA NO PROGRAMA H2020 DA COMISIÓN EUROPEA.
Patricia Argerey, Directora da Axencia Galega de Innovación

10:45 - 11:30

MESA REDONDA. CASOS DE ÉXITO GALEGOS NO PROGRAMA H2020
Moderador: Javier Pereiro, Director xerente do Feuga

A través da experiencia práctica de beneficiarios de convocatorias dos distintos eixos de prioridade de H2020, coñeceremos a súa experiencia para conseguir unha proposta de excelencia e os beneficios da participación nesta tipoloxía de proxectos:

- **Prioridade “Ciencia Excelente”.**
Patricia Rey, Fundación Biomédica Profesor Novoa Santos
- **Prioridade “Liderado Industrial”.**
Anxo Vidal, Ecoplas Barbanza S.L.
- **Prioridade “Retos da Sociedade”.**
Fernando Sánchez, Centro Tecnolóxico AIMEN / Feuga

11:30 - 12:15

PRESENTACIÓN DA CONVOCATORIA “AXUDAS PARA O FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA NO PROGRAMA MARCO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN DA UNIÓN EUROPEA” GAIN-H2020
Luisa Boquete, Directora da Área de programas (GAIN)

12:15 - 12:30

ROLDA DE PREGUNTAS

12:30

PECHE DA XORNADA E NETWORKING